

A hand pointing upwards is centered in the background, overlaid with a network diagram consisting of nodes and connecting lines. The background is a solid blue color.

PLAN DIXITAL

IES DO CASTRO

Índice do Plan Dixital

1. Introducción	3
1.1. Datos básicos do centro	3
1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución do PD ao Proxecto Educativo do Centro	3
1.3. Breve xustificación do mesmo	4
1.4. Proceso de elaboración	5
2. Situación de partida	6
2.1. Servizos dixitais e mantemento dispoñíbeis	6
2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO	9
Resumo de resultados do informe SELFIE	9
Resumo de resultados do test CDD	10
3. Plan de Acción	15
Dotar de equipamento informático portátil : biblioteca, aula de BI, aulas de tecnoloxía	16
Valorar a contratación de persoal técnico de mantemento dos equipamentos informáticos do centro	17
Coordinar as actividades que desenvolven a competencia dixital do alumnado de 1º de ESO	18
Iniciar a formación do profesorado para o emprego dos libros de cualificación en contornas Moodle na ESO	19
Revisar e arranxar a estrutura da rede informática do centro	20
4. Avaliación do plan	21

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Dirección: Rúa Posada Curros nº 1, CP: 36203 Vigo, Pontevedra.

Teléfono: 986 42 29 74, fax 986423063.

Sitio web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/iesdocastro/>.

Correo electrónico: ies.docastro@edu.xunta.es

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución do PD ao Proxecto Educativo do Centro

O centro está situado no núcleo urbano de Vigo, unha das maiores urbes costeiras da comunidade galega, e cabe destacar a nivel cultural, ademais de diversos museos, bibliotecas públicas con acceso gratuito a internet, e actividades culturais, e a Universidade de Vigo, coa oferta de numerosas titulacións. A nivel industrial imponse o porto de Vigo como un referente a alto nivel, e a industria automobilística entre outras.

A lingua predominante da zona, na cal se impartirán as materias, é o castelán, segundo regula o Decreto 79/2010, e segundo o Proxecto Lingüístico do centro.

As ensinanzas ofertadas no IES son educación secundaria obligatoria e bacharelato en modalidade de diurno. O instituto ten a característica especial de que imparte ensinanzas en Bacharelato Internacional. O centro adscrito do que procede o alumnado de 1º de ESO é o CEIP Fleming.

A distribución dos 665 alumnos e alumnas matriculados no centro, segundo os diferentes niveis é a seguinte:

1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO	1º BACH	2º BACH
92	94	102	97	133	147
(4 clases)	(4 clases)	(4 clases)	(4 clases)	(7 clases)	(6 clases)

Nos cursos de 1º e 2º da ESO existen os chamados “agrupamentos de alumnos/as” que son grupos de alumnos/as que en 3 materias (1ºESO: Matemáticas, Lingua Castelá e Bioloxía; 2º ESO: Matemáticas, Lingua Galega e Xeografía e Historia) saen da aula de referencia para participar nun grupo máis reducido e con maior atención do profesor por alumno/a xa que precisan maior apoio para lograr os obxectivos.

Así mesmo, nos cursos de 2º e 3º da ESO aplícase a denominada “sección bilingüe”, atribuída ás materias de Música para ambos os dous cursos, e Plástica para 3º da ESO.

No tocante aos niveis da ESO, se imparten “clases de reforzo” en horario de tarde, na materia de Matemáticas para aqueles alumnos/as que teñen estas materias pendentes de anos anteriores. En referencia ao claustro do centro, conta con 67 docentes. O equipo directivo do mesmo está formado polos seguintes integrantes:

Director

Vicedirectora

Luis Pérez

Begoña Cortés

Secretario

Pedro González

Xefa de estudos

Paloma Pérez

É importante salientar que o centro dispón de 17 departamentos, ademais do de orientación, que colaboran entre sí, en diferentes actividades interdisciplinares.

Para organizar, xestionar e tratar temas e cuestións específicas, se indican a continuación diferentes equipos, comisións e cargos de coordinación:

Equipo ou Comisión	Coordinador/a
Bacharelato Internacional	Ángel Núñez
Biblioteca	Carmen Vilariño
CAS do Bacharelato Internacional	Xurxo Domonte
Clube de lectura	Almudena Ozejo
Aula Virtual	Peregrina Pintos
Dinamización da lingua galega	Cristina Nogueiras
Dinamizador TIC	Alberte Zato
Equipo COVID	Begoña Cortés
Mediación escolar	Francisco Piñeiro
Plan de Igualdade	Emilia Martínez
Proxecto lector	Carmen Vilariño
Sección Bilingüe	Asunción Pereira

Ademais, traballan no centro 2 administrativos/as, 3 conserxes e 3 limpadores/as. O centro ten unha cafetería que funciona por medio dunha empresa subcontratada, e un traballador de mantemento dunha empresa externa. Indicar que tamén hai dúas asociacións: pais e nais do alumnado, alumnas e alumnos do centro.

Con respecto á formación de profesorado, nos últimos 5 anos o centro é consciente da necesidade de formación na competencia dixital e incluíu esta liña de formación nos seus PFPP anuais.

1.3. Breve xustificación do mesmo

O plan dixital enmárcase dentro das seguintes leis e resolucións:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art.132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

1.4. Proceso de elaboración

O plan dixital foi elaborado por un grupo de traballo composto por 5 profesores e profesoras entre os que se atopaban o coordinador TIC, a responsable da aula virtual do centro. O traballo estruturouse seguindo as seguintes fases:

- Análise dos requerimentos necesarios para realizar o plan dixital.
- Análise das preguntas da enquisa Selfie, idoneidade de incluír novas preguntas, organización da realización da proba por parte de todo o alumnado e o profesorado.
- Análise dos resultados do informe SELFIE
- Organización da elaboración do TEST CDD
- Análise dos resultados do test CDD
- Estudo das fortalezas, debilidades, oportunidades e ameazas da situación dixital do centro e realización do informe DAFO con estes datos.
- Elección das liñas prioritarias do noso plan de acción para o vindeiro curso en virtude da análise do DAFO
- Elaboración do plan de acción coas liñas prioritarias para presentar á CCP.
- Redacción do documento final do plan dixital para presentar en Consello Escolar.

2. Situación de partida

2.1. Servizos dixitais e mantemento dispoñíbeis

O IES do CASTRO foi pioneiro en algúns factores e equipamentos TIC en Galicia.

- Despois da súa fundación como centro de experimentación ESO na última década do século XX, foi dos primeiros centros públicos nos que se lle dotou con aparellos TIC daquela, particularmente para administración do instituto.
- Xa dende o primeiro momento as xuntas directivas do centro amosaron un interese especial polas novas tecnoloxías TIC.
- Aun sen conectividade á red de redes os departamentos docentes foron pouco a pouco incorporándose a ditas tecnoloxías.
- Foi dos primeiros centros en Galicia en ter conectividade a red de redes, primeiro de xeito limitado a departamentos, administración e aula de informática -primeiro única e despois xa contando con dúas-.
- Anos antes da decisión da Consellería de Educación de dotar con pizarras dixitais ás aulas dos centros, este IES xa tiña todas as súas aulas equipadas con ordenador, conectividade, proxector, pantalla e algunhas con pizarra dixital. Evidentemente todo ello co esforzo orzamental de asignar partidas a este agornamento esencial en detrimento doutros.
- Actualmente todas as aulas, dependencias e departamentos contan co equipamento necesario para a docencia, administración e servizos dixitais esenciais.

Infraestruturas, dotacións tecnolóxicas, conectividade, plataformas e servizos dixitais.

- O IES do Castro decidiu no seu intre unha aposta polo ensino mixto entre o tradicional e o dixital, sen acollerse ao plan Abalar de dixitalización do seu alumnado ESO, que lle foi ofrecido.
- Conta con 189 ordenadores en funcionamento diario, sendo maioría os de tipo portátil, seguidos dos sobremesa e logo os All-in-ONE. Todos teñen conectividade ethernet e a maioría deles dende fai pouco tempo a posibilidade de conexión WIFI.
- As 30 aulas docentes do centro contan con proxector e pantalla de proyección, moitas delas con dobre proxector. Un 90 % delas contan con pantalla dixital.
- O sistema operativo maioritario é Windows 10, seguido de Windows 8.1 nos ámbitos docentes, administrativos de dirección, e logo no ámbito docente tecnolóxico e TIC a distro Ubuntu.
- A sala de profesorado conta con 6 ordenadores de plena conectividade
- Os departamentos docentes, a sala de profesorado -con 6 ordenadores sobremesa- contan coas impresoras, case todas láser, -ou ben monocromas ou multicolor-.

- Todo o sistema administrativo, de dirección ou coordinación TIC- está conectado vía rede cos sistemas de fotocopia e impresión nas máquinas de reprodución impresa de maior volume e calidade do centro.
- Debido a que este centro foi ampliando a súa equipación TIC en varias fases, a instalación da rede corporativa é un pouco sui géneris. O cableado e a disposición dos switches y racks non é a ideal.
- Actualmente o centro conta cun armario rack central, e outros tres en ubicacións diferentes. Esta deficiencia xa se cita debaixo no apartado 3, punto 3 do Plan de Acción.
- Aínda que a velocidade de conectividade é boa, estanse a producir ultimamente algunhas avarias nos switches.
- Recentemente o IES do Castro foi dotado dunha rede Wifi de uso profesional, docente e administrativo con cobertura a todo el centro. Estanse a avaliar algunhas zonas escuras para corrixir a súa conectividade máis feble.
- Este instituto foi pioneiro en ter sitio web propio. A súa primeira edición da súa sitio web data do ano 2004.
- Durante moitos anos foi medio de comunicación esencial co exterior.
- Os avances extraordinarios noutras plataformas de comunicación non son alleos a este Centro, que usa con diaria actualización a súa aula virtual.
- Unha grande parte do profesorado usa a plataforma Abalar móbil para súa comunicación coas familias.
- Mantemento:
 - Toda esta variedade de recursos TIC precisa dun mantemento diario que está a cargo do Coordinador TIC que se ocupa de:
 - Mantemento e reparación en primeira instancia dos aparellos TIC do instituto.
 - Valoración se precisan dun servizo técnico externo se a posible reparación require a manipulación máis invasiva e de reposición de piezas máis delicadas.
 - Valoración, consello e execución de compras informáticas para o centro en sintonía coa secretaría do centro.
 - Substitución dos aparellos que van perdendo a súa vixencia e utilidade operativa.
 - Contacto, aviso e atención ao servizo técnico externo co que o instituto ten contratado un bono de hora de atención técnica in situ ou en gabinete externo.
 - PROBLEMAS:
 - O servizo e horas de atención técnica externa non é diario nin inmediato para os requerimentos de docencia, administración e dirección do centro.
 - O actual coordinador de TIC xa está máis preto da súa xubilación aínda que non inmediata. O posíbel profesorado que o substitúa -cun previsíbel aumento dos aparellos e funcións dixitais do centro- no podería facese cargo desas funcións.
 - Por mor dun servizo máis eficaz e inmediato sinálase no apartado 3 punto 2 do PPlan de Acción deste documento a necesidade de valoración de solucións a medio prazo para estes problemas.


Enlaces de interese:

- Sitio web do centro actual cunha antigüidade dende o ano 2007
 - <http://centros.edu.xunta.es/iesdocastro/>
- Sitio web de migración en próximos meses (sen presa pero sen pausa)
 - <http://www.edu.xunta.gal/centros/iesdocastro/>
- Aula virtual do centro
 - <http://www.edu.xunta.gal/centros/iesdocastro/aulavirtual/>
- A revista dixital do centro
 - <https://ombudixital.org/>
- O blogue do departamento de Orientación do centro:
 - <https://orientadocastro.blogspot.com/>
- Canle oficial de You Tube
 - <https://www.youtube.com/user/iesdocastro>


2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Resumo de resultados do informe SELFIE

O cuestionario SELFIE tivo a seguinte participación:



O resumo por áreas é o seguinte:



Resumo de resultados do test CDD

- **Participación segundo perfil do profesorado :**

	Nº profesorado que participa	Nº profesorado total	% de participación
Definitivo	30	42	71,4%
Interino	7	13	53,8%
Outros	1	1	100%
Provisional	6	10	60%
Substituto	6	9	66,7%

- **Puntuación e nivel de competencia do centro :**

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
CENTRO	80,4	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

- **Puntuación e nivel de competencia por etapas :**

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	82,5	Integrador/a (B1)	79,2	Integrador/a (B1)
BACH	82,2	Integrador/a (B1)	77,9	Integrador/a (B1)

• **Distribución do profesorado por niveis**

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
Principiante (A1)	4	8%
Explorador/a (A2)	15	30%
Integrador/a (B1)	18	36%
Experto/a (B2)	8	16%
Líder (C1)	4	8%
Pioneiro/a (C2)	1	2%
TOTAL	50	100 %

• **Outras fontes:** Para a análise DAFO empregouse, ademais desta información, a experiencia como coordinadores TIC e aula virtual e como coodinadores e docentes na formación de profesorado en competencia TIC realizada ao longo destes últimos 5 anos no centro.

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
C A T E G O R Í A S	INFRAESTRUTURAS EQUIPAMENTO	Dispoñemos de conexión a internet en todas as aulas, encerados dixitais. Temos dúas aulas de informática. Dispoñemos de ordenadores para consulta do alumnado na biblioteca Unha das aulas de tecnoloxía dispón de ordenadores	Non dispoñemos de conexión Wifi As aulas de informática non teñen 30 ordenadores (un ordenador por alumno) A maioría dos encerados dixitais non funcionan como tal. Non dispoñemos de equipos informáticos e dispositivos dixitais (cámaras de foto, vídeo...)de préstamo puntual na biblioteca do centro.
	PERSOAL DOCENTE	Contamos con un número suficiente de profesorado con alta capacitación dixital pra poder resolver problemas técnicos in situ. A mobilidade do profesorado permite achegarnos ás experiencias dixitais doutros centros.	Non se empregan de maneira xeneralizada técnicas de avaliación que permitan a retroalimentación inmediata co alumando e permitan crear itinerarios formativos individualizados

INTERNOS	FORTALEZAS	DEBILIDADES
<p>PERSOAL NON DOCENTE</p>	<p>Dispón de coñecementos técnicos avanzados que permite contar con eles para implementación técnicas no centro</p>	<p>Non dispoñemos de persoal técnico específico para manter os equipos informáticos.</p>
<p>ALUMNADO</p>	<p>A práctica totalidade do alumnado dispón de ordenador e conexión a internet na casa. Os poucos que non posúen se cubren coa dotación específica para iso.</p>	<p>O alumnado ten unha baixa competencia en seguridade na rede, e atópanse con problemas de maneira individual e intentan resolvelos sen axuda de adultos</p>
<p>FAMILIAS</p>	<p>As familias se mostran preocupadas polos traballos que o alumnado debe realizar en clase e acostuma a pedir axuda ao centro en caso de dúbidas A ferramenta de Abalar móbil favorece a comunicación rápida coas familias</p>	<p>Moitos dos traballos que requiren competencia dixital se deixan para facer na casa, sen ter en conta a brecha dixital que hai entre familias e as diferencias de base existentes entre o alumnado. Non son capaces de resolver problemas técnicos.</p>
<p>OFERTA</p>	<p>Unha parte importante de profesorado incorpora ás actividades de clase actividades que desenvolven a competencia dixital do alumando</p>	<p>Non se realizan traballos interdisciplinares nin se traballa mediante técnicas de traballo cooperativo de maneira xeneralizada Non se realizan actividades de seguridade na rede dende as diversas materias</p>
<p>ORGANIZACIÓN DE CENTRO</p>	<p>Na organización do centro se valora a protección de datos do alumnado e se empregan ferramentas para velar por ela.</p>	<p>Os equipos informáticos están fora das aulas de referencia do alumnado, polo que non se poden empregar metodoloxías mixtas (dixitais e analóxicas)</p>

	EXTERNOS	OPORTUNIDADES	AMEAZAS
C A T E G O R Í A S	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Os actuais PFPP permiten organizar dentro do centro cursos de capacitación dixital específicos e acordos coas necesidades do centro	As administracións educativas non queren invertir en técnicos informáticos de mantemento dos equipos. A figura do coordinador TIC non ten horas de dedicación suficientes nin ningún tipo de recoñecemento salarial que compense a súa dedicación extra. O profesorado non ten tempo para formarse dixitalmente dentro do seu horario laboral. Os múltiples cambios de leis impiden que o profesorado poida desenvolver proxectos a longo prazo e se teña que centrar en refacer toda a organización curricular
	LEXISLACIÓN	A lei actual incorpora unha asignatura de Tecnoloxía e dixitalización en primeiro de ESO e unha materia específica onde se estudiará a identidade dixital en 3º de ESO. Así mesmo segue a valorar a competencia dixital en todas as materias do currículum	A lexislación actual non permite que o alumnado acceda a ferramentas tan necesarias como o correo electrónico aos menores de 14 anos. Isto impide que nos podamos traballar con el nos primeiros cursos da ESO Non podemos traballar con redes sociais (Whatsapp, Instagram, Tik Tok...) con menores de 16 anos, cando todo o alumnado o está a usar antes da idade legal
	CONTORNA	A aula virtual do centro dispón dunha gran variedade de recursos e actividades para incorporar ás clases. Ten ferramentas de comunicación entre iguais que permiten experimentar e ensinar as casuísticas destas interaccións nun entorno pechado e seguro	O alumnado emprega as redes sociais sen información acerca da súa identidade dixital e cedendo os seus datos a moreas de empresas.
	ANPA	Sempre se mostra receptiva ás nosas peticións de axuda económica para melloran equipamento, como organizativas para xestionar cursos de capacitación dixital familiar	O acceso a internet sen ningún tipo de vixilancia se produce a idades cada vez máis temperáns

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
	OUTRAS ENTIDADES	En internet hai unha gran variedade de recursos en aberto para que o profesorado non teña que crear dende cero os seus recursos, senón soamente adaptalos.	Hai moitas entidades con ánimo de lucro que presentan materiais e técnicas de dudosa base científica, que soamente persiguen a venda dos seus produtos.

3. Plan de Acción

O plan de acción se sustenta nestes 5 obxectivos:

1. Dotar de equipamento informático portátil : biblioteca, aula de BI, aulas de tecnoloxía

Xustificación: Se queremos que todo o alumando poda desenvolver a súa competencia dixital compre que todas as áreas teñan opcións de ter horas reservadas nas dúas aulas de informática. Para iso é necesario liberar ditas aulas das materias que ata o de agora ocupaban todo o seu espazo. Se trata, por tanto, de equipar a biblioteca (para que poida ser empregada por pequenos grupos esporadicamente) , unha aula para BI (que dada a súa metodoloxía precisa de moitas horas de uso de ordenadores) e as aulas de tecnoloxía (pois a implantación do novo currículo na que aparece a materia de Tecnoloxía e Dixitalización en 1º e 2º de ESO , así como a materia de Educación Dixital en 3º de ESO, fan necesario o uso habitual dos computadores.

2. Valorar a contratación de persoal técnico de mantemento dos equipamentos informáticos do centros

Xustificación: O crecemento dos equipamentos informáticos no centro e da rede do mesmo, precisa dunha atención técnica, que nos, como profesorado, non podemos realizar. Se queremos que o profesorado traballe con ferramentas dixitais hai que garantir que estas funcionan en todo momento na aula para que poidan contar con elas á hora de programar as súas clases.

3. Revisar e arranxar a estrutura da rede informática do centro

Xustificación: Á raíz da implementación da rede WIFI para o profesorado no centro, se detectaron numerosas irregularidades nas instalacións que están a producir ralentizacións e outros problemas informáticos. A UAC xa está a traballar na regularización da instalación. Esperamos que estes traballos están realizados antes de empregar o vindeiro curso.

4. Coordinar as actividades que desenvolven a competencia dixital do alumnado de 1º de ESO

Xustificación: Dado o cambio curricular que se produce para o vindeiro curso compre que todo o profesorado de 1º de ESO, se plantexe cal é o papel da súa materia no desenvolvemento da competencia dixital. Se trata de facer unha posta en común das estratexias de traballo do desenvolvemento da competencia dixital dende as diferentes materias a fin de aunar criterios e programar coherentemente.

5. Iniciar a formación do profesorado para o emprego dos libros de cualificación en contornas Moodle na ESO

Xustificación: O emprego da ferramenta dixital de avaliación na aula virtual Moodle permite abarcar varios obxectivos importantes dunha avaliación continua:

- a) O alumnado ten visible a súa participación na materia: as cualificacións de todas as tarefas avaliadas permanecen para ser consultadas en calquera momento, así como as datas de entrega e resumo de actividades entregadas e sen entregar.
- b) As familias poden escoller a súa participación no seguimento das clases, en función da responsabilidade que lle queiran asignar aos seus fillos e fillas. Moitas veces a consulta das familias sobre notas e traballos que o alumnado ten que realizar merma a necesidade de facer responsables ao alumnado, coas ferramentas da aula virtual serán as familias as que, en función da súa casuística, decidan que grao de participación teñen na organización das tarefas escolares dos seus fillos e fillas.
- c) O entorno Moodle é, xunto co Xade, o único entorno dixital seguro e legal para o almacenamento de datos do alumando (traballos, cualificacións...etc).

“Área/s de mellora”: Infraestructuras e equipamento (C)							
1. OBXECTIVO :	Dotar de equipamento informático portátil : biblioteca, aula de BI, aulas de tecnoloxía					Acadado	
RESPONSABLES:	Coordinador TIC					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de ordenadores portátiles, puntos de conexión de rede necesaria.						
Valor de partida	10 ordenadores nun aula de tecnoloxía						
Valor previsto e data	50 % dos ordenadores necesarios				Comezo de curso, primeiro trimestre.		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO		
AO1.1: Coordinar profesorado, responsable das TIC, secretaría do centro, responsable da biblioteca e xefe de departamento de tecnoloxía	Coordinador TIC	Xulio de 2022	Reunión do persoal involucrado		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.2: Solicitar equipamento necesaria á UAC	Secretaría do centro	Xulio de 2022	15 ordenadores portátiles		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.3: Estudar a situación unha vez recibida a resposta	Secretaría do centro	Xulio de 2022	Coordinar con profesorado, responsable das TIC, responsable da biblioteca e xefe de departamento de tecnoloxía		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.4: Instalar puntos de rede e arranxar os mesmos	Coordinador TIC Responsable da Biblioteca Xefe departamento de tecnoloxía	Setembro 2022	Presuposto para a instalación, Persoal técnico de instalación de redes.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

“Área/s de mellora”: Infraestructuras e equipamento (C)

2. OBXECTIVO :	Valorar a contratación de persoal técnico de mantemento dos equipamentos informáticos do centro				Acadado	
RESPONSABLES:	Secretaría do centro				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Presentación de presupostos a diferentes empresas					
Valor de partida	0					
Valor previsto e data	Reunión de valoración de diferentes presupostos				Final de curso 22-23	
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Estudar as carencias técnicas do mantemento dos equipamentos informáticos	Coordinador TIC	Fin de 2022	Comisión designada por claustro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Solicitar modelos de solucións a diferentes empresas do sector	Secretaría do centro	Antes de Semana Santa 2023	Documento creado pola comisión para entregar ás empresas (ou reunión coas empresas)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3 : Solicitar a AMTEGA necesidade de ter persoal técnico de mantemento nos centros en horario completo	Secretaría do centro	Primeiro trimestre	Elaboración de correo electrónico coa colaboración do coordinador TIC e da responsable da aula virtua		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.4: Valorar as diferentes solucións e a idoneidade de contratar os servizos da escollida.	Secretaría do centro	Fin de curso.	Valoración da comisión e da secretaría do centro (en representación do equipo directivo)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: Colaboración e redes (E)							
3. OBXECTIVO:	Coordinar as actividades que desenvolven a competencia dixital do alumnado de 1º de ESO					Acadado	
RESPONSABLE:	Xefatura de Estudos					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Documento de tarefas asignadas a cada departamento						
Valor de partida	0						
Valor previsto e data	Reparto de tarefas por materia de 1º de ESO				1-05-2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN)	ESTADO		
AO1.1: Estudio do desenvolvemento da competencia dixital en 1º de ESO por departamentos	Xefaturas de departamento	Finais de febreiro 2023	Reunión de cada departamento		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.2: Entrega de cada departamento dun documento resumo á comisión pedagóxica	PXefaturas de departamento	Finais de febreiro2023	Modelo de documento		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.3: Reunión da comisión pedagóxica para coordinar as tarefas indicadas (tempos, espazos...)	Xefatura de estudio	Finais de marzo 2023	Reunión da CCP		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.3: Entrega a claustro do documento de tarefas asignadas a cada departamento	Xefatura de estudio	Finais de abril 2023	Reunión de claustro		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

“Área/s de mellora”: PRÁCTICAS DE AVALIACION (G)

4. OBXECTIVO:	Iniciar a formación do profesorado para o emprego dos libros de cualificación en contornas Moodle na ESO			Acadado		
RESPONSABLES:	Profesora encargada da aula virtual			Non acadado		
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Porcentaxe de cursos do persoal asistente ao curso, nos que se levou a cabo a cualificación de tarefas e probas de avaliación propostas a través da contorna Moodle (Instrumento: cuestionario)					
Valor de partida	3					
Valor previsto e data	80% de cursos do profesorado asistente de 1º de ESO			15-03-23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Formar en avaliación e emprego do libro de cualificacións en cursos Moodle e outras ferramentas de seguimento de tarefas	Profesora encargada da aula virtual	1º trimestre Curso 22-23	Curso dentro do PFPP do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Organizar en categorías o libro de cualificacións e introducir tarefas	Profesorado asistente á formación.	1º trimestre Curso 22-23	Aula virtual. 50% dos cursos de cada participante		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Incluir seguimento de tarefas na aula virtual	Profesorado asistente á formación.	1º trimestre Curso 22-23	Aula virtual. Actividades creadas ou modificadas		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.4: Empregar guías de corrección na cualificación de tarefas	Profesorado asistente á formación.	2º trimestre Curso 22-23	Aula virtual. Actividades creadas ou modificadas		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.4: Organizar visualización da avaliación para alumnado e familia	Profesorado asistente á formación.	2º trimestre Curso 22-23	Aula virtual. Actividades creadas ou modificadas		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: Infraestructuras e equipamento (C)							
5. OBXECTIVO :	Revisar e arranxar a estrutura da rede informática do centro					Acadado	
RESPONSABLES:	UAC e coordinador TIC					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Toda a rede de informática cumpre cos estándares técnicos requeridos pola UAC						
Valor de partida	Xa se instalou unha rede wifi para o profesorado e es está xa a estudar o resto da rede.						
Valor previsto e data	Rede en perfecto funcionamento e cumprindo estándares UAC				15-01-23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO		
AO1.1 Petición da incorporación da rede wifi para o instituto	Secretario	xa realizado			Realizada	x	
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.2 Estudo da estrutura da rede informática do instituto	UAC e coordinador TIC	xuño 2022	Técnicos informáticos		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.3. Rediseño da instalacións dos switch no instituto	UAC e coordinador TIC	xuño e xullo 2022	Técnicos informáticos		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.4. Comprobación do perfecto funcionamento en todo o centro, tanto da rede wifi como da arámica.	UAC e coordinador TIC	xullo 2022			Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

4. Avaliación do plan

- No contexto da avaliación procesual, a frecuencia da súa realización, que será como mínimo unha vez ao trimestre, e os aspectos a valorar, que serán, como mínimo, o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- No contexto da avaliación final mediante os correspondentes instrumentos, a frecuencia da súa realización, que será como mínimo unha vez ao ano, e os aspectos a valorar, que serán, como mínimo, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

5. Difusión do plan

O plan dixital será posto en coñecemento, primeiro da CCP, despois do claustro e despois do Consello Escolar para a súa aprobación.

A principios do curso que ven, se informará a todo o profesorado dos puntos principais deste plan así como da posibilidade de apuntarse ao plan de formación.

Durante o curso se informará das accións que se están a realizar unha vez por trimestre.